

## **SESIÓN ORDINARIA DE 24 DE ABRIL DE 2.009**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día vinte catro de abril de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D<sup>a</sup> Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 27 DE ABRIL DE 2009.**

Ponse de manifesto ós membros da Corporación o acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 2 de febreiro de 2009, cuxa copia se remitiu aos Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

### **2.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros o seguinte proxecto de ordenanza fiscal municipal, cuxa copia se adxuntou a convocatoria da presente sesión:

#### **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.**

*Proposta para sometemento á aprobación inicial polo Pleno do Concello.*

#### **ARTIGO 1: MARCO XURÍDICO.**

*En uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, artigos 4.1 a) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada entre outras pola Lei 11/1999, de 21 de abril e pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei Reguladora das Facendas Locais –Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo este Concello e s t a b l e c e a t a x a pola prestación do*

*servizo público descrito na presente Ordenanza Fiscal, consoante ao disposto nos artigos 20 e seguintes da citada lei reguladora das Facendas Locais.*

**ARTIGO 2: FEITO IMPOÑIBLE.**

*Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo público de Escola Infantil Municipal situada na urbanización Santa Isabel.*

**ARTIGO 3: SUXEITO PASIVO:**

*1.º Son suxeitos pasivos con carácter xenérico da taxa as persoas físicas e xurídicas así como as entidades mencionadas no artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación dos distintos servizos ou actividades que o Concello de Outeiro de Rei leve a cabo nas instalacións da mencionada Escola Infantil.*

*2.º En concreto, son suxeitos pasivos obrigados os pais dos nenos en situación de alta na Escola Infantil e, no seu defecto os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.*

**ARTIGO 4: DEVENGO.**

*1.º A taxa devéngase dende o momento en que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade, aínda que o concello poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial.*

*2.º O devengo da taxa será periódico. A súa periodicidade será mensual e se producirá o primeiro día de cada mes.*

**ARTIGO 5: PAGAMENTO**

*1. O pagamento das cotas realizarase mensualmente nos dez primeiros días do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ó día primeiro do mes, a cota correspondente ó dito mes ingresará nos dez días seguintes ó da data de ingreso.*

*2. No caso de utilización do servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.*

*3. Salvo o disposto no artigo 7º desta ordenanza, a falta de asistencia do neno/a ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.*

*4. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinará a perda do dereito á praza.*

**ARTIGO 6: BASE DE CÁLCULO**

*1. Para os efectos do disposto neste decreto, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.*

*Enténdese por unidade familiar, para os efectos deste decreto, a formada polos pais e fillos menores de dezoito anos ou fillos maiores de dezoito anos, cunha minusvalidez superior ó 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para efectos do cálculo da renda per cápita ó que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.*

2. Para os efectos deste decreto, ten a consideración de ingresos a suma da parte xeral máis a parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse como resultado de lles aplicar ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

#### ARTIGO 7: SUSPENSIÓN TEMPORAL DA CUOTA

Os suxeitos obrigados ao pago da cuota non terán a obriga de aboa-la cota durante os seguintes períodos:

1. O mes de vacacións anuais do neno/a.

2. Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.

3. Cando, por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de aboa-la cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia ó centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión de cota deberá presentarse ante ao sr. Alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o delegado/a provincial acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresa-las cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

#### ARTIGO 8: COTA TRIBUTARIA.

As cotas tributarias terán carácter periódico ou esporádico, Segundo o tipo de servizo que se solicite, e consistirá na cantidade resultante da aplicación das tarifas que figuran no Anexo, coas reducións e descontos dos que poida ser beneficiario o suxeito pasivo de concorrer os requisitos necesarios.

#### ARTIGO 9: NORMAS DE XESTIÓN.

1º. O pagamento da taxa efectuarase en réxime de autoliquidación cando se solicite novo ingreso por parte dos beneficiarios do servizo, sendo requisito indispensable para a prestación do mesmo.

2º. O pagamento das cotas realizarase mensualmente nos dez primeiros días do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao mencionado mes ingresarase nos dez días seguintes ao da data de ingreso.

3º. No suposto de utilizarse o servizo de comedor por días soltos, poderá establecerse que o pagamento deste servizo se faga conxuntamente coa cota do mes seguinte.

4º. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinará a perda do dereito a praza.

5º. Todo o anterior sen prexuízo da posibilidade de que, mediante contrato administrativo, se poida encomendar a xestión e recadación voluntaria da taxa a entidade prestadora do servizo.

#### ARTIGO 10: INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo a infraccións tributarias e a súas distintas cualificacións, xunto coas sancións que as mesmas poidan conlevar, aplicarase o disposto na vixente Lei Xeral Tributaria e regulamentación complementaria.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 107 da Lei 7/1985 e no art. 17 do RDLex.2/2004, comezará a aplicarse a partir do momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, continuando en vigor ata que se acorde a súa derogación ou modificación.

#### ANEXO

##### *Prezo por asistencia*

*O prezo pola asistencia ao centro fíxase en 110 euros mensuais*

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións totais ou parciais:*

*- Inferiores ó 50 por cento do salario mínimo interprofesional, redución do 100 por cento: 0 euros.*

*- Entre o 50 e o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, redución do 70 por cento: 33 euros.*

*- Superiores ó 75 por cento e inferiores ó 100 por cento do salario mínimo interprofesional, redución do 40 por cento: 66 euros.*

*- Entre o 100 e o 150 por cento do salario mínimo interprofesional, redución do 10 por cento: 99 euros.*

##### *Prezo por servizos complementarios.*

*Nos centros que presten outros servizos, os prezos ós que fai referencia o punto 1 incrementaranse segundo os servizos dos que o neno/a sexa usuario:*

*- Servizo de comedor: o prezo por este servizo fíxase en 33 euros mensuais. No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente, e por motivos xustificados, desexen utiliza-lo servizo algún día solto, o prezo será de 2 euros por día.*

*- Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario normal será de 13,75 euros/hora.*

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre os prezos dos servizos anteriores aplicaranse reducións totais ou parciais:*

*- Inferiores ó 30 por cento do salario mínimo interprofesional, redución do 100 por cento.*

*- Entre o 30 e o 100 por cento do salario mínimo interprofesional, redución do 50 por cento.*

*Os servizos ós que fai referencia este punto 2 serán de utilización voluntaria polos nenos/as asistentes ó centro.*

*Descontos.*

*Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplica-lo disposto nos puntos 1 e 2 anteriores aplicaranse os seguintes descontos:*

*- Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.*

*- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.*

*- Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, desconto dun 20 por cento por cada neno/a atendido/a. No caso de que estes irmáns nacesen en parto múltiple, o desconto será dun 30 por cento por cada neno/a.*

*Os descontos anteriores, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.*

*-Cando por circunstancias sobrevidas (solicitudede fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.*

*A presentación de solicitudes de ingreso no centro requirirán para prestación efectiva do servizo que se teña efectuado –en todo caso- o pagamento correspondente da taxa polo interesado.*

Rematada a exposición da proposta, o sr. Alcalde xustifica a mesma no feito de dispor da totalidade dos trámites e requisitos para a posta en marcha da escola infantil. No tocante ao seu contido, alega que se cumpre a normativa autonómica se se pretende dar un servizo de calidade a prezos moi adsequibles, xa que a taxa máxima é de 110 euros e ésta ser reduce en función da renda da unidade familiar ata chegar aos 0 euros.

Don Arcadio Lombao Román, voceiro do Grupo Municipal do BNG, anuncia a súa oposición a aprobación da ordenanza por coherencia coa oposición do seu grupo municipal respecto do sistema de xestión elixido para a prestación do servizo, e do que esta ordenanza non é senón unha consecuencia.

O sr. Miguel Algel López Valera, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, sinala que a taxa debería ser máis baixa, coa finalidade de facilitar o acceso ao servizo.

Restóstalle o sr. Alcalde que a todo o mundo lle gustaría prestar servizos máis baratos, pero que á administración e aos servizos hai que financiarlos, e por iso é imprescindible cobrar esta taxa.

Engade que esta necesidade de financiar os servizos se agrava pola situación de insuficiencia financeira dos concellos, especialmente os concellos galegos, e pola falla de compromiso da Comunidade Autónoma na obtención dunha verdadeira autonomía financeira municipal.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Aprobar inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola infantil polo concello de Outeiro de Rei.”

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, tres abstencións pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, e dous votos en contra pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

### **3.- MODIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a seguinte proposta de inclusión no inventario municipal de bens e dereitos:

“INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

**VIAL Nº 36**

**SAN MAMEDE, BONXE**

NOME:

Cruce de camiños: parcelas 10 do polígono 94

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BARNA, SAN MAMEDE

Lindeiros: Camiño público en tódolas súas lindes.

CARACTERÍSTICAS: 291 metros cadrados. Sen pavimentar.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Prescrición inmemorial.”

Trala dación de conta efectuada polo sr. Secretario, o sr. Alcalde aclara que este acordo se enmarca no proceso de paulatina actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Outeiro de Rei.

O sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, pregunta sobor a titularidade dominical da parcela.

O Alcalde resposta que é dominio público municipal.

O sr. Arcadio pregunta se se preguntou aos veciños de Bonxe antes de traer ao Pleno esta proposta de inclusión no inventario.

O sr. Alcalde resposta que se non todos, moitos dos veciños de Bonxe coñecen a posición municipal. Engade que esta parcela sempre foi parte da estrada, e que se está calificada como monte comunal débese a o feito de no seu tempo puido ter a calificación de comunal, e polo tanto de titularidade municipal, o feito de que se mudase o seu destino non enerva a obriga do concello de conservarlal.

Outra cousa sucede cos terreos antaño comunais que foron utilizados de xeito privativo polos veciños baixo a permisibilidade do concello do seu uso e posterior prescripción privativa. Non se pode esquecer que fai uns anos, o Concello tiña centos de hectáreas de monte comunal e que o concello, nun momento dado, permitiu o seu paso a titularidade privada dos veciños que as traballaban.

Este non é o caso, trátase dunha parcela de cruce de camiños de 291 m2,, que realmente está destinada a camiño, con independencia de que catastralmente se lle asigne erróneamente outro uso ou titularidade.

Recorda que no caso de outras parcelas que, aínda sendo municipais, sean susceptibles de outros usos, o seu inventario faise previo escrito asinado polos veciños, como xa se fixo anteriormente. Quere facer constar que, aínda nos supostos de peticións por escrito dos veciños, o Grupo Municipal do BNG abstense ou abandona o Pleno.

Contesta o sr. Arcadio que a razón da abstención foi o cumprimento da obriga legal de absterse, xa que a parcela era da titularidade do pai do concelleiro do BNG.

O sr. Pardo Lombao dí que nun caso sí, pero noutro suposto no que se abstiveron non tiñan titularidade ningunha, nin o concelleiro nin a súa familia.

Pregunta o sr. Varela sobor a titularidade catastral da parcela.

Trala súa lectura, o sr. Pardo Lombao insiste en que dita porción de terreo realmente é e foi viario municipal, que na última pavimentación dos camiños se decidiu deixar esa porción triangular sen asfaltar, tal e como se fixo nas rotondas da estrada autonómica LU-115, e sen embargo ninguén razoable se pon a defender a titularidade comunal das rotondas da estrada autonómica.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de inclusión no inventario municipal de bens e dereitos.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, e cinco abstencións pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE e do Grupo Municipal do BNG.

#### **4.- MOCIÓN DO PSDG-PSOE, CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 967.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 2 de abril de 2009 número 967, do seguinte teor literal:

*“O concelleiro/a na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Re, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :*

*O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

#### **MOCIÓN**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Debido ao recente falecemento de D. Jesús Redondo Candal, Ex-Alcalde de este Concello e primeiro Alcalde da democracia neste Concello.*

*Proponse o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte*

##### **ACORDO :**

*Que na súa lembranza, lle sexa adicada unha Rúa neste Concello.*

*En Outeiro de Rei a 02 de Abril do 2009-06-01*

*Asdo.: Miguel Angel López Varela  
Voceiro do PsdeG-PSOE”*



Afonda na súa defensa don Miguel Angel López Varela, recordando o feito de que se tratou do primeiro Alcalde da democracia, e que participou de xeito activo con varias asociacións municipais na búsqueda dos intereses dos veciños. Estes vinte anos de adicación ao seu pobo o fan merecedor deste tributo na súa memoria.

O sr. Arcadio lembra a súa labor coma párroco de Bonxe e da Prisión, coma promotor de varias asociacións coa xuventude e incluso na creación da primeira liga de fútbol da Terra Chá. Cree que foi o autor do impulso a nivel social máis amplo dos últimos anos.

O sr. Pardo Lombao comparte en maior ou menor medida as apreciacións que expuñeron os concelleiros do PSdG e BNG.

Destaca o feito de que foi o primeiro Alcalde da democracia, e que na súa opinión o sólo feito de ser Alcalde xa é unha circunstancia suficiente para merecer que se lle adique unha rúa ao seu nome. Se a isto se lle engade todo o que xa recordaron os outros membros da corporación, non se ve inconvincente para aprobar a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción presentada.

Efectuada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros o escrito de PREGUNTAS presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 24 de abril de 2009 número 1272, do seguinte teor literal:

*“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno:*

*1.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde, si o Concello ten algún vixilante de obras? ¿Que funcións ten esa persoa?-*

*2.- ¿Pode explicar quen se encarga no Concello de Outeiro de Rei de Vixiar as Obras e Actividades sen Licencia ou que non se axusten a Licencia concedida?-*

*En Outeiro de Rei a 21 de abril de 2009*

*Asdo: Miguel Angel López Varela”*

Trala lectura en viva voz polo Secretario, o Alcalde resposta o seguinte:

- Existe a plaza de vixilante municipal que, entre outras cousas, se encarga de vixilar as obras municipais. Tamén se encarga de vixilar o correcto funcionamento dos servizos e, ata o momento, cubre axeitadamente ditas funcións.

- No que respecta a segunda das preguntas, as licencias de actividades e obras maiores requiren licenza de primeira utilización ou de primeira ocupación. Cando a solicitan, se cumpren os requisitos das licencias se lle outorgan e se non, se inicia o correspondiente expediente para que se adecúen a legalidade.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as catorce horas.

O Secretario

VºBº, O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita.      Asdo.: José Pardo Lombao